



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, O FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA, A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA, O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A OBSERVACIÓN DA MOBILIDADE E O MERCADO DA TERRA EN GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)

DECLARA:

1. Que Agader ten previsto formalizar coa Consellería do Medio Rural, co Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Instituto de Estudos do Territorio (IET), coa Fundación Juana de Vega e coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, aínda que se prorrogará automaticamente se non é denunciado por algunha das partes asinantes.
2. Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as partes para a análise da información que permita facer un seguimento da mobilidade e o mercado da propiedade rústica en Galicia a modo de “Observatorio da mobilidade de terras”. En concreto regula a recollida, elaboración e difusión de información sobre mobilidade de terras rústicas de Galicia para mellorar a transparencia dos mercados e coñecer as dinámicas que se dan sobre estas terras a nivel parroquial/municipal e para o conxunto da Comunidade, co dobre obxectivo de poder deseñar e implantar políticas públicas, tendentes a un mellor aproveitamento da terra o dos recursos do territorio, e fornecer datos que axuden a tomar as decisións dos axentes privados.





3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.
4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Durante o bienio 2013 e 2014, en virtude do convenio subscrito o 16 de outubro de 2013, entre a AGADER, a Fundación Juana de Vega e a USC, desenvolveuse o proxecto “Propiedade, mobilidade de terras e valorización territorial”, que deu lugar ao deseño dun protocolo institucional, técnico e tecnolóxico para a mellora da caracterización e comprensión da mobilidade de terras en Galicia, co obxecto de analizar e comprender os mercados de terras, os efectos que teñen na mobilización produtiva da terra agrícola e, a través dela, na flexibilidade e eficacia da produción primaria.

Para o desenvolvemento dese proxecto, a ATRIGA, o FOGGA e a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria asinaron un acordo coa AGADER o 25 de marzo de 2014, o 9 de xaneiro de 2014 e o 14 de marzo de 2014, respectivamente, para proporcionar os datos necesarios para a execución do citado proxecto.

O proxecto “Propiedade, mobilidade de terras e valorización territorial” concluíu que as fontes idóneas para obter información sistemática e actualizada sobre as dinámicas da mobilidade de terras en Galicia son os datos xestionados directamente polo Banco de Terras e os derivados do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados. Por outro lado, o citado proxecto tamén concluíu que a integración dos datos do Sistema de Información Xeográfica Catastral (SIXCA) e o Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) permite obter unha aproximación a mecanismos de mobilidade de terras non documentados como os contratos orais de arrendamento, cesións e/ou permutas. Finalmente, o proxecto tamén concluíu que a análise dos indicadores en relación a variables do REAGA ou o Mapa de Aptitude Produtiva do Solo, entre outros, permiten facer unha aproximación





sistemática ao comportamento da oferta e a demanda potenciais, así como caracterizar os índices (prezo, por exemplo) en función de variables estruturais e agronómicas.

As entidades participantes neste convenio consideran conveniente darlle continuidade ao proxecto antedito, mediante a aplicación do protocolo institucional, técnico e tecnolóxico derivado del, para impulsar a creación e posta en marcha dunha metodoloxía de seguimento da mobilidade de terras que permita compartir datos de xeito habitual e sen interferencias, por entender que poderá ofrecer a todos os axentes interesados información válida para a toma de decisións, o cal facilitará un fortalecemento significativo da capacidade de adaptación e modernización do sector público e privado, no tocante á xestión sostible da terra e do territorio.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de cumprir o previsto no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asina esta memoria.

O director xeral de Agader

(asinado dixitalmente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

